



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE ABRIL DE 2015

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade para a rehabilitación e reestructuración de vivenda unifamiliar dun edificio sito na rúa do Olvido nº 7, composta de planta baixa, alta e baixo cuberta (LIC/724/2013).

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aceptación de terreo dende a alíñación oficial presentada a prol do Concello e autorizar ao interesado para a contrucción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Ameneiral-O Viso, nº 27 (LIC/559/2014).

Autorizáronse 2 licenzas:

.-Unha, para rehabilitación e reestruturación de vivenda unifamiliar nun edificio da Rúa do Olvido (nº 7), composto de planta baixa, alto e baixo cuberta, cunha superficie construída de 176 m² e un orzamento de execución previsto de 69.906 euros.

.-E outra, para a construcción de vivenda unifamiliar, composta de soto, baixo e baixocuberta, cunha superficie construída total de 455 m², no lugar de Ameneiral-O Viso (nº 27), cun orzamento de execución de 94.000 euros. A propiedade cédele ao Concello a título gratuito un terreo urbanizado de 35 m² para uso público.

4.- Propostas da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas a diversas solicitudes de devolucions de fianzas.

Accedeuse á devolución de 4 fianzas por un importe conxunto de 13.500 euros, correspondentes á obras de ampliación ou rehabilitación de distintas edificacións e a unha denegación de licenza, todas elas depositadas no seu día para responder da reposición dos servizos urbanísticos afectados.

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á renovación das concesións de uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo.

Logo de rematado o prazo concedido para presentar as solicitudes de renovación das concesión establecidas en 2013, acordouse asignar o uso das hortas municipais de Fontiñas-Cotaredo a 39 persoas. O uso dos terreos é por dous anos, con posible prórroga anual ata un máximo de 4 anos. A superficie destinada a estas hortas municipais é duns 1.500 m². O número de hortas habilitado é de 39, cunha extensión media que rolda os 40 m², destinadas a prácticas agrícolas ecolóxica ou cando menos tradicionais. A ordenanza que rexela estas adxudicacións prima na prelación aos veciños do contorno e xubilados. Esta é a segunda adxudicación de hortas municipais levada a cabo este ano, logo de que no pasado mes de xaneiro se adxudicaran as 26 hortas de Belvís de Abaixo, tamén por un período de dous anos.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para dar conta da sinatura do acordo da Comisión Bilateral do Plan Estatal de Vivienda e Rehabilitación 2013-2016, de 14.03.2015.

Deuse conta da sinatura do novo acordo bilateral coa Xunta de Galicia, coa finalidade de darlle continuidade á figura das áreas de rehabilitación, para acollerse ás novas liñas de financiamento previstas polo Ministerio de Fomento no marco do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, rehabilitación edificatoria e rexeneración e renovación urbanas 2013-2016. Estas axudas van dirixidas a actuacións incluídas en convenios anteriores xa cualificadas provisionalmente e que aínda non se teñan xustificado, polo que ao Concello de Santiago só lle afecta a unha fase (a denominada "fase 13" incluída nun convenio de 2011), xa que as actuacións incluídas nos ámbitos de Vista Alegre e de Pontepedriña foron xa todas xustificadas.

Esta fase 13, que é obxecto do novo convenio para a anualidade de 2015, inclúe a rehabilitación de 21 vivendas, cun custo total de 425.846 euros, dos que o Ministerio de

Fomento achega axudas por importe de 124.938 euros, a Xunta 67.011 euros e o resto correspondelle aos particulares que acometen as obras.

Dentro do convenio figura tamén unha axuda de 10.500 euros (500€ por vivenda) para financiar o custo dos equipos e oficinas de planeamento, información, xestión e acompañamento social, que afronta o Concello de Santiago e que supón un custo total de 225.434 euros.

En total, o acordo recolle unha achega das 3 administracións de 417.383 euros, que xunto coa achega dos particulares beneficiarios supón a mobilización de 651.281 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á proposta de pagamento de xuros para o proxecto de expropiación para "acceso ao SUP-2 (Cornes) dende a rúa García Prieto, situado entre os nºs 17 e 21". Parcelas 1, 2 e 3.

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á xustiprezo e expropiación Polígono SUNP-5 - A MUÍÑA.

Acordouse recoñecer os dereitos de cobro e o pagamento de 2 expropiacións:

.-Unha, dun total de 1.700 euros, aos propietarios de 3 parcelas expropriadas no ano 2010 para a execución do acceso ao SUP-2 de Cornes desde a rúa García Prieto, entre os números 17 a 21.

.-E outra, por importe de 212.836 euros, ao propietario dunha parcela expropriada en 2008 para a realización da obra SUNP-5 A Muíña.

Ambas cantidades responden á diferenza pagada no seu día e a fixada definitivamente, así como os xuros correspondentes, segundo a sentenza do xurado de expropiación forzosa, órgano ao que recorren os afectados.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao inicio do expediente de "Servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela".

Acordouse abrir o procedemento de adxudicación do servizo de desratización no termo municipal de Santiago, mediante procedemento aberto, cun tipo de licitación de 25.663 euros/ano, por un período de dous anos. Esta contratación, consecuencia do remate do contrato que ata do agora vén realizando a empresa Arumia, persegue manter un axeitado control e, no seu caso, eliminación de roedores con influencia na saúde pública. A desratización deberá atender, como mínimos á seguintes áreas: rede xeral de sumidoiros e desaugues de colectores de saneamento; rexistros de iluminación pública e rede regulación do tráfico; vías públicas, parque e xardíns, marxes dos ríos; locais e edificios de titularidade municipal; sotos, baixos e patios interiores de comunidades de veciños e todos aqueles que se requieren desde os servizos técnicos municipais.

As empresas licitadoras deberán, entre outros requisitos, proponer un plan de acción baseado na sectorización do municipio e conforme a el establecer unha programación racional e eficaz que respecte en todo momento o ecosistema e o medio natural.

Deberán facilitar un número de teléfono para a atención de denuncias cidadás e estar en disposición de realizar accións de maneira immediata, no caso de detectarse calquera tipo de praga ou situación grave que poida xerar riscos para a saúde pública.

Tamén se indica a obriga de realizar unha auditoría técnica semestral para analizar a situación, deseñar novas pautas de traballo e planificar as accións do seguinte semestre,

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación das obras do "Proxecto de renovación de viais e beirarrúas Av. Quiroga Palacios.

Aprobouse a adxudicación do contrato das obras previstas para a renovación da totalidade da Avenida Quiroga Palacios, desde a Avenida de Lugo ata a rúa de Belvís, nas inmediacións do Seminario Menor. A encargada da súa execución será a empresa OGMIOS Proyecto, S.L., ao presentar a oferta máis vantaxosa, por un importe de 546.614 euros. O prazo de execución fixado para o proxecto é de 6 meses.

Trátase dunha actuación que vai supoñer unha mellora substancial para unha rúa con evidentes deficiencias, que lle afectan ao estado do pavimento das beirarrúas, escaseza de pasos de peóns e ausencia de elementos de protección nas proximidades das escaleiras existentes no seu trazado. No proxecto que se vai executar proponse un novo reparto das áreas para a circulación de vehículos, cunha sección que potencia o tránsito peonil, a adecuación das áreas próximas ás escaleiras, a ampliación en número e ancho dos pasos para os peóns e unha mellora dos vaos para o acceso de vehículos aos edificios.

A actuación supón unha mellora ambiental, conservando as árbores que presentan un bo porte e coa plantación de novos exemplares ornamentais (liquidámbar) a ambos os dous lados da rúa. Con ese fin, ampliaranse os alcorques existentes e crearanse outros novos.

A liña de eléctrica destinada á iluminación pública será soterrada, aproveitando o levantamento dos pavimentos, que se repoñerán con novas baldosas de terrazo e bordes de granito nas

beirarrúas, lastras de terrazo nas zonas de aparcamento e lousado continuo de formigón na zona de tránsito dos vehículos.

No tocante ás condicións de aparcamento, contémplase a eliminación da liña de aparcamentos no tramo máis estreito da rúa (entre o convento de Belvis e o Seminario) e mantéñense dúas liñas de aparcamento no resto do trazado (no que se atopan os edificios residenciais). Así, disporase dun mínimo de 48 prazas de aparcamento, das que dúas serán adaptadas para persoas con mobilidade reducida. O mobiliario existente vaise reutilizar, polo que se manterán as paradas de autobús e os bancos actuais.

Formando parte das medidas para diminuír a afección á cidadanía, a empresa adxudicataria desenvolverá un plan de comunicación, incluíndo unha enxeñeira encargada de informar ás persoas afectadas, a colocación dunha caseta informativa e outras actuacións de carácter técnico en materia de sinalización, seguridade e accesibilidade.

Estas obras, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte que contan con financiamento europeo, véñense a sumar a outras melloras coas que se tenta recuperar o valor de espazo público das rúas nesta zona da cidade, como as rematadas na rúa de San Pedro, as que se están a ultimar na rúa de Basquiños ou os propios accesos a esta zona da Almáciga desde o contorno de Basquiños e do Convento de Santa Clara.

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio para dar conta do aboamento do primeiro prazo da subvención nominativa concedida para financiar o sostento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2014.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio para dar conta do aboamento do primeiro prazo da subvención nominativa concedida para financiar o programa de actividades dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2014.

A Xunta de Goberno foi informada do pagamento, por parte da Deputación da Coruña , do primeiro prazo da subvención nominativa concedida para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do rural no ano 2014 e o sostento do centro sociocultural do Ensanche en 2014, con dúas achegas de 70.000 euros e 72.000 euros, respectivamente.

Estas subvencións foron concretadas en dous convenios subscritos en xuño do ano pasado coa Deputación da Coruña para financiar actividades nos centros socioculturais.

No primeiro deles, por parte da Deputación achéganse 140.000 euros que, xunto con outros 35.000 euros que pon o Concello de Santiago, servirán para financiar varios programas de animación e dinamización dixital, de formación permanente e outros de carácter estacional (como os denominados "Vive o verán" ou "Vive o Nadal") nos centros socioculturais do rural. O período contemplado para a realización destes programas vai do 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de maio de 2015.

No segundo convenio, acórdase que a Deputación achegue ata un máximo de 144.000 euros para contribuír ao financiamento do 80% do orzamento de gastos de persoal do Centro Socioculturais do Ensanche, na rúa Frei Rosendo Salvado (3 uxieres, 2 animadoras socioculturais e 1 auxiliar administrativo), así como o seu mantemento, no período que vai do 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de maio de 2015.

Como se ten dado a coñecer, estes dous convenios veñen motivados pola cesión no seu día de cinco locais veciñais construídos pola Deputación no rural do concello (os destinados ás AAVV de Nosa Señora de Belén, Sta. Cristina de Fecha, Sta. María de Villestro, A Rocha e Ruta Xacobea), así como o local do Centro Xuvenil de Ensanche na rúa Frei Rosendo Salvado. No marco daquela cesión iniciouse unha liña de colaboración económica para a realización de actividades e programas que continúa a manterse actualmente.

13.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á subvención ao Ateneo de Santiago.

Aprobouse a concesión dunha subvención directa ao Ateneo de Santiago, por importe de 3.400 euros, destinada á realización do ciclo de conferencias "Os luns do Ateneo", un programa de visitas guiadas, clubs de lectura, faladoiros e cursos.

14.- Proposta das concelleiras delegadas de Cultura e Patrimonio e Educación para dar conta da resolución de subvención e o aboamento de anticipo da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencións a Concellos e Entidades Locais para a realización de actividades educativas e culturais durante o ano 2015.

Deuse conta da subvención concedida pola Deputación da Coruña para programas educativos e culturais para a comunidade educativa e cidadáns durante o ano 2015, por importe de 21.998 euros, promovidas polos departamentos de Educación e de Centros Socioculturais. A subvención está destinada ás seguintes actividades: Animación á lectura, Danza, Teatro, Entroido, Nadal, Semanas Culturais, Exposicións e ÁREA de xogos. O organismo provincial tamén accordou realizar un anticipo do 50% da subvención concedida (10.994), logo de comprobar o cumprimento dos requisitos por parte do Concello.

15.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais para dar conta da aprobación da concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOAXCA.

A Xunta Local tamén foi informada da resolución da Deputación da Coruña pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOAXCA dirixido a entidades locais para o mantemento dos servizos sociais en 2015. Ao Concello de Santiago correspondeñelle 37.575 euros de subvención para o desenvolvemento do programa socioeducativo para a inclusión social 2015.

17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a axudas sociais.

Aprobáronse 40 prestacións económicas municipais (MAPIS), por importe total de 42.820 euros. Delas, 26 están destinadas a gastos de manutención, 7 de aluguer, 4 a gastos excepcionais e 3 a gastos de comedor escolar.

18.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á aprobación de bases e convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil e de educación primaria obligatoria do Concello de Santiago para o curso 2015-2016.

Aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor escolar para o curso 2015/2016, dirixidas ao alumnado de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obligatoria do Concello de Santiago. O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais, contados a partir da publicación da convocatoria no BOP. O importe destinado a esta convocatoria é de 130.000 euros, que poderá ser incrementado conforme ás necesidades e ás dispoñibilidades orzamentarias. Cómpre indicar que este importe de 130.000 euros supón un incremento dun 48,5% sobre o consignado no curso anterior (87.500 euros) e ten como finalidade lograr que todas as solicitudes que acaden a puntuación mínima requirida sexan atendidas, evitando a lista de espera que se tiña producido en anos anteriores.

Estas bolsas de comedor son de dous tipos: as chamadas “asistenciais” cun importe de 80 euros/bolsa ou un 80% do prezo do comedor cando este sexa inferior a esa cantidade; e as chamadas de “conciliación” cun importe fixo de 40 euros/mes.

As axudas teñen como finalidade favorecer a integración socio-laboral dos pais, nais e titores e a inclusión social dos menores, apoianto a aquelas unidades familiares que, por escaseza de recursos económicos, non poden facer fronte ao custo do servizo de comedor, así como para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

19.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro do local sito na rúa Galeras, 28, Escaleira 2, baixo c, destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos.

Acordouse a prórroga, polo período dun ano, do contrato de alugueiro do local destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos, sito no baixo do edificio da rúa Galeras, 28, cunha superficie de 110 m². O contrato inicial fora asinado en xuño de 2007. O arrendamento mantén o mesmo importe de 9.892 euros/anuais que se viña satisfacendo ata o de agora.

20 a 56.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto na ordenanza reguladora, resolveu 37 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais no lixo (20), no imposto de construcións, instalacións e obras (1) e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (16).

57.- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda relativa ao inicio do expediente de contratación do "Servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadadora, padrón de habitantes e convocatorias electorais do Concello de Santiago".

Aprobouse a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de mantemento das aplicacións informáticas de xestión tributaria e recadadora, padrón de habitantes e convocatorias electorais do Concello de Santiago. O tipo de licitación establecido é de 35.836 euros, invitando á única empresa proposta polo departamento de informática (T-SYSTEMS) para que presente a súa oferta de acordo coas condicións do correspondente prego administrativo.

A razón de optar por este procedemento radica, segundo pon de manifesto o citado departamento, en que este servizo de mantemento só pode ser prestado por unha única empresa “por motivos tanto técnicos como comerciais, ao ser a empresa que desenvolve o software e contar cun modelo de licenciamento propietario”.

58.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á desestimación do recurso reposición interposto por Invernalia Ice Park, S.L. pola incautación da garantía definitiva da Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante o Nadal 2013-2014.

Acordouse desestimar o recurso presentado pola empresa (Invernalia Ice Park, S.L.) que levou a cabo a instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda, durante o Nadal 2013-2014, contra a decisión da Xunta de Goberno que en setembro de 2014 acordou incautarse da garantía definitiva constituída no contrato para facer fronte aos danos acreditados no pavimento producidos polo contratista na execución do contrato de referencia.

A decisión que agora adopta a Xunta de Goberno, conforme ao correspondente informe técnico, supón detraer a cantidade de 900 euros do total de 2.000 euros de garantía, para facer fronte aos labores de reparación, devolvéndolle a cantidade restante ao contratista.

59.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da orde do 30 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015.

Aprobouse a solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da orde destinada a actividades para a xuventude realizadas polas entidades locais no ámbito da educación non formal e da participación. Esta subvención iría destinada a colaborar no financiamento de varias actividades municipais para este ano 2015 que teñen unha achega do Concello de 22.687 euros e para as que se lle solicitan á Xunta de Galicia 3.000 euros. As actividades incluídas na solicitude son o programa de lecer e aventura para a mocidade de Compostela, Semana Santa 2015 (6.746 euros), actividades formativas da Concellería de Xuventude (15.563 euros), exposición fotográfica de Certame Música Xove (2.084 euros) e exposición de iniciación á paisaxe contemporánea: Van Gogh, Braque e Szenes (1.294 euros).

60.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación de Nadal 2014.

Aprobouse a liquidación correspondente ao programa municipal de conciliación do Nadal de 2014 que tivo un saldo positivo de 9.946 euros, e aprobouse tamén a devolución de 155 euros, a aquellas familias que solicitaron o servizo de madrugadores que finalmente non se prestou por non reunir o mínimo de 10 solicitantes que se tiña fixado. Neste programa matriculáronse 55 nenos e nenas de educación primaria e infantil, con idades entre os 3 e 12 anos, que participaron nas actividades celebradas no colexio público das Fontiñas.

61.- Proposta do concelleiro delegado da área de Régime Interior e Administración Pública relativa ao inicio do expediente de "Subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela".

Acordouse o inicio da apertura do procedemento de adxudicación para o subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago, mediante procedemento aberto, e cun tipo de licitación de 58.198 euros/ano, para un período de dous anos.

62.- Proposta do concelleiro delegado da área de Régime Interior e Administración Pública relativa ao inicio do expediente de contratación do "Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela".

Aprobouse a apertura de licitación, mediante procedemento aberto, para o subministro de folios, sobres e carpetas, por un importe de 12.308 euros/ano, para un período de dous anos.